

DOUS PROXECTOS DE GRAMÁTICA DESCRITIVA

*Rosario Álvarez Blanco, Francisco Cidrás Escáneo, Ernesto González Seoane,
Xosé Luís Regueira e Xosé Xove Ferreiro*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Nos traballos de historiografía da lingua galega é un lugar común referirse á precariedade dos estudos lingüísticos, e en particular dos gramaticais, así como salientar que a tradición de estudos científicos sobre a nosa lingua é curta e serodia. E é certo que, aínda que a primeira gramática galega feita con rigor data de 1868, non se comeza a facer investigación científica sistemática sobre esta lingua ata a década de 1970, en que os estudos de lingüística galega se incorporan de maneira plena á Universidade.

Desde entón a situación evolucionou de xeito moi notable, pois nos últimos vinte-cinco anos –case sempre no seo da Universidade de Santiago de Compostela e ó abeiro do ILG ou dos seus membros–, realizáronse importantes estudos que nos permiten ter un coñecemento relativamente aceptable de moitos aspectos da gramática galega. Con todo, a irrupción do galego en tódolos niveis educativos e a extensión do seu uso como lingua escrita (medios de comunicación, administración, xustiza, etc.) e en ámbitos formais, como consecuencia do proceso de normalización lingüística que se comezou a desenvolver aceleradamente nos anos oitenta, puxeron de manifesto a necesidade de estudos gramaticais descritivos de carácter xeral, xa que as gramáticas existentes resultaban insuficientes. Para cubrir aquela demanda, publicouse en 1986 a *Gramática galega* de Rosario Álvarez, Xosé Luís Regueira e Henrique Monteagudo (Vigo: Galaxia), membros da Sección de Gramática do Instituto da Lingua Galega, que reflicte o estado destes estudos hai unha década.

Nestes anos, a necesidade de atendermos a outras tarefas, impostas na súa urxencia polo proceso de normalización, fixo que boa parte dos esforzos dos lingüistas galegos se orientase cara á consolidación da variedade estándar (normativa ortográfica e morfolóxica, terminoloxía, tentativas de definición dos diferentes niveis e rexistros lingüísticos, etc.) e cara ós estudos lexicográficos (vocabularios temáticos, dicionarios), ora que sen suspender en ningún momento o estudo do galego medieval, nin os traballos de gramática histórica.

Non quere isto dicir que non houbera produción, e moi estimable, en gramática sincrónica, senón que os estudos non avanzaron na medida en que sería desexable e que as descrições con que contamos están lonxe de satisfacer as necesidades actuais. Para atender a estas, son necesarios estudos parciais que cubran as lagoas existentes na nosa bibliografía científica, así como traballos que afonden ou completen outros anteriores ou que reanalicen determinados feitos lingüísticos á luz de postulados teóricos máis recentes ou con metodoloxías máis depuradas. Ademais, cómpre unha visión de conxunto, que integre tódolos traballos aludidos e dea unha descrição completa da gramática do galego.

Con este obxectivo, o ILG ten en marcha distintos proxectos. Entre eles, os dous que están a cargo do equipo formado polas cinco persoas que presentamos esta comunicación, todos profesores de gramática galega na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago: Xosé Xove Ferreiro, Xosé Luís Regueira Fernández, Ernesto González Seoane, Francisco Cidrás Escáneo e Rosario Álvarez Blanco. Trátase dos proxectos que denominamos, dun xeito un tanto convencional, *Gramática xeral descritiva da lingua galega* e *Gramática da lingua galega*.

Para poñer en marcha estes proxectos, vemos como tarefas inmediatas a recolleita de información gramatical de moitas variedades do galego falado –tendo en conta que nos grandes proxectos de recollida de material lingüístico, nomeadamente o *Atlas Lingüístico Galego*, a información sobre morfoloxía e sintaxe é moi reducida–, a descrição de aspectos pouco coñecidos –especialmente nos campos da sintaxe e da semántica léxica–, completar e reconsiderar distintos aspectos da fonoloxía, a morfoloxía e a sintaxe, que contan con estudos parciais ou foron obxecto de primeiras aproximacións, así como integrar nunha descrição xeral os traballos específicos realizados por nós mesmos ou tantos outros investigadores durante estes últimos anos.

1. GRAMÁTICA XERAL DESCRIPTIVA DA LINGUA GALEGA

Este proxecto de investigación ten como finalidade describir gramaticalmente o galego actual da maneira máis ampla e completa posible, tendo en conta os avances no coñecemento desta disciplina producidos nos últimos anos e os resultados da investigación dos cinco membros do equipo. O obxectivo último do proxecto é dispoñermos dunha descrição gramatical que atenda a tódalas partes da gramática e teña en consideración as variantes dialectais, sociais e estilísticas da lingua. A organización interna da gramática é a seguinte:

- I. Fonética e fonoloxía (coordinadores: Xosé Luís Regueira Fernández e Rosario Álvarez Blanco).
- II. Morfoloxía nominal (coordinadores: Rosario Álvarez Blanco e Xosé Xove Ferreiro).

- III. Morfoloxía verbal (coordinadores: Xosé Xove Ferreiro e Francisco Cidrás Escáneo).
- IV. Sintaxe da frase (coordinadores: Francisco Cidrás Escáneo e Ernesto González Seoane).
- V. Sintaxe da oración (coordinadores: Francisco Cidrás Escáneo e Rosario Álvarez Blanco).
- VI. Semántica léxica (coordinadores: Ernesto González Seoane e Xosé Luís Regueira Fernández).

Para conseguilo resultado final, a investigación céntrase en dous obxectivos prioritarios: un, completármola descrición daquelas partes da gramática ou daqueles problemas gramaticais que se atopaban pouco ou deficientemente descritos; e dous, integramos na descrición gramatical completa o estudio das variedades xeográficas, sociais e estilísticas, ata agora non sempre ben coñecidas ou tidas en conta. Para a consecución do segundo dos obxectivos propostos cumpríu e cómpre un importante traballo de recollida de documentación, moi deficiente nalgúns ámbitos, xa que na lingüística galega unicamente teñen tradición os estudos de variantes diatópicas, e xeralmente estes recollen material fonético ou léxico, máis raramente morfolóxico e case nunca sintáctico.

A descrición, sincrónica e actual, realízase no marco teórico e metodolóxico xeral do funcionalismo, se ben cun criterio integrador e aberto. No tratamento das distintas partes que a integran tense en conta a tradición escrita moderna e os textos orais, co ánimo de acolle-la lingua en toda a súa diversidade. A presentación vai acompañada de abundante documentación oral e escrita, sobre unha ampla selección de obras dos autores máis representativos dos séculos XIX e XX, que servirá en parte como exemplificación e en parte como cita de autoridade.

O proxecto realízase no ILG desde 1995, gracias a unha subvención da Dirección General de Investigación Científica y Técnica (Secretaría de Estado de Universidades e Investigación-Ministerio de Educación y Ciencia), para os anos 1995-97. No plano de traballo inicial estaba xa previsto que a elaboración e redacción de cada sección comezase dentro deste período, aínda que a publicación dos volumes correspondentes se faría con posterioridade. En vista da urxencia de dispormos dunha gramática axeitada, o equipo acordou poñer en marcha un programa paralelo, o proxecto chamado *Gramática da lingua galega*, co obxectivo de proporcionar, nun prazo máis curto e a modo de anticipo, un texto aceptable para as necesidades actuais máis prementes.

Queremos salientar especialmente que o proxecto se realiza no seo do ILG, xa que iso implica a súa vertebración nun proxecto global máis amplo e a conexión con outros proxectos que, en certo modo, axudan a facer posible este que presentamos:

- a) proxecto de *Lexicografía*, dirixido por Antón Santamarina, permítenos dispoñer dunha grande cantidade de textos dos séculos XIX e XX –literarios, ensaísticos, xornalísticos, científicos, recollidos fielmente da lingua oral...–, así como das concordancias e lematizacións correspondentes, que nos son de inestima-

ble axuda para a confección das bases de datos. O noso proxecto corresponderá achegándolles información gramatical, fundamental á hora de confecciona-lo dicionario.

- b) As nosas bases de datos beneficianse tamén do arquivo sonoro do ILG, moi acrecentado gracias ó proxecto *Recollida e transcrición de etnotextos para a creación do ADLG*, dirixido por Francisco Fernández Rei, xa que nos permite dispoñer dun amplísimo número de textos –en versión oral e escrita–, gravados a galegofalantes nunha fita rede que cobre toda a xeografía do galego. Neste equipo participa Francisco Cidrás, e noutro tempo fixoo tamén Xosé Luís Regueira.
- c) Para a información dialectal sobre determinadas cuestións fonéticas, morfolóxicas e léxicas contamos coa recollida no *Atlas Lingüístico Galego*, dirixido por Constantino García e Antón Santamarina, no que participa Rosario Álvarez.
- d) proxecto *Fonética acústica do galego*, dirixido por Manuel González González e no que participa activamente Xosé Luís Regueira Fernández, permítenos non só usarmos instrumental e técnicas avanzadas, senón, sobre todo, dispoñermos anticipadamente dos seus resultados de investigación e podermos confrontar con eles as nosas descrições.
- e) proxecto *Historia do galego escrito*, dirixido por Ramón Mariño Paz e no que colaboraron Rosario Álvarez, Ernesto González e Xosé Xove, permítenos dispoñer de descrições e datos referidos ás etapas inmediatamente anteriores ó período actual.
- f) Para épocas máis recuadas, contamos coa colaboración do equipo de *Gramática histórica*, dirixido por Francisco Xavier Varela Barreiro e no que participa Francisco Cidrás; o equipo permítenos acceder ós seus textos, ás súas bases de datos e ás súas análises.

O interese do proxecto mídese en grande parte pola utilidade social inmediata dos seus resultados, que deberían constituír unha importante e útil fonte de datos para, a partir deles, realizar outros traballos e alcanzar obxectivos posteriores non menos urxentes:

- a) Planificación lingüística da lingua, aínda moi incompleta no relativo ós aspectos fónicos e sintácticos.
- b) Elaboración dunha gramática normativa e académica da lingua que determine a variedade estándar en toda a súa extensión e que, na nosa opinión, só se poderá realizar a partir dunha descrição gramatical de grande alcance, coma a que pretendemos con este proxecto.
- c) Delimitación das diferentes variedades da lingua, con atención particular ós problemas derivados do contacto lingüístico entre o galego e o castelán.
- d) Elaboración de métodos de aprendizaxe e de materiais didácticos para o ensino do galego, e de maneira especial os dirixidos ó ensino de adultos que deben usar instrumentalmente a lingua en sectores profesionais relevantes.

Por tanto, entre os destinatarios inmediatos da publicación da gramática proposta, destacámo-los docentes de lingua galega, tanto do nivel universitario coma dos niveis secundario e primario; os investigadores e profesores de lingüística, tanto de lingüística xeral coma doutras lingüísticas particulares; os asesores de lingua galega que traballan no ámbito da planificación lingüística; os tradutores do galego ou ó galego; e os profesionais dos medios de comunicación e persoas de cultura media que desexen mellora-la súa competencia lingüística e os seus coñecementos da lingua.

2. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

Para facer fronte a unha insistente demanda académica e social, programamos unha gramática que supoña un novo paso adiante, sobre os textos publicados, no tratamento dos temas e na extensión e profundidade dos mesmos. Animáronnos, ademais, dous feitos que coincidiron no tempo: dunha banda, a *Gramática galega* publicada na Biblioteca Básica da editorial Galaxia acaba de cumprir 10 anos, nos que cremos que cumpriu unha importante función, e consideramos que podemos dar por concluída unha etapa e encara-la seguinte con outros textos que evidencien o avance dos estudos de gramática galega; doutra, nos novos planos de estudio de *Filoloxía Galega* ampliase o número e diversidade das materias, polo que o ensino da gramática galega cobra unha relevancia especial, sen que ata o momento se dispoña dun texto que cubra as necesidades de profesores e alumnos.

Concibímola como unha gramática que sirva como punto de referencia, que informe do comportamento gramatical do galego de maneira relativamente concisa, sen excesivo aparato teórico e moderadamente argumentativa. A descrición vai acompañada de abundante exemplificación –preferiblemente autorizada por persoeiros literarios ou por localizacións xeográficas que remitan á lingua falada–, que debe servir para ilustrar, a xeito de imaxe, cómo é a lingua. Ó remate de cada parte figuran as notas, que amplían información sobre outras posibles interpretacións dos datos, información dialectal, sociolingüística, histórica, etc., e mais unha breve bibliografía comentada sobre o tema, onde se dá noticia das publicacións ó respecto dentro da lingüística galega. Por darnos unha idea do seu tamaño e das nosas pretensións, queremos ofrecer un texto equiparable ó *Esbozo* da RAE, á *Gramática Italiana* de Serianni ou á *Gramática Portuguesa* de Cunha e Cintra. Por tanto, unha gramática de preto de 1.000 páxinas, cunha caixa de 12x20, aproximadamente.

Os primeiros destinatarios inmediatos son os alumnos universitarios, pero na súa concepción está dirixida a un público moito máis amplo, o constituído por adultos de distintas profesións con certa formación lingüística.